

**RESOLUCIÓN REITORAL DE 29 DE MAIO DE 2025 POLA QUE SE
CONVOCAN OS PREMIOS ALUMNI-UVIGO 2025**

En febreiro de 2021, a Universidade de Vigo pon en marcha o proxecto Comunidade Alumni-UVigo co apoio e coa colaboración do Consello Social. O obxectivo principal de Alumni-UVigo é fomentar o establecemento de vínculos sociais e a cooperación entre as persoas egresadas da Universidade de Vigo, de tal maneira que manteñan unha conexión permanente coa institución e cos seus fins ao longo de toda a súa vida profesional e persoal.

Co fin de fomentar a participación neste proxecto e para o desenvolvemento dos seus fins,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1.- Convocar a segunda edición dos **Premios Alumni-UVigo 2025** de acordo coas bases que figuran no anexo I.

2.- Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e na web da comunidade alumni da Universidade de Vigo <https://alumni.webs.uvigo.es>

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte de se publicar a presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

Vigo, na data de sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)

A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

Natalia Caparrini Marín



Bases da IV Edición Premios Alumni-Uvigo:

Premios Alumni Uvigo 2025

1. OBXECTO

O obxecto destes premios é promover a excelencia e recoñecer o impacto persoal e profesional daquelas persoas usuarias da comunidade Alumni-UVigo que destaquen tanto polo seu paso pola Universidade como polas súas exitosas traxectorias profesionais. Ademais, con estes premios preténdese incentivar a relación da Universidade de Vigo co seu antigo alumnado.

Pola súa banda, a cerimonia de entrega dos Premios Alumni-UVIGO, que ten previsto celebrarse o próximo **10 de xullo do 2025**, é un evento que busca recoñecer e destacar aos nosos/as graduados/as. Na cerimonia, outórganse distincións en diversas categorías e representa unha oportunidade inestimable para celebrar os logros dos egresados da UVIGO e destacar o seu impacto positivo na sociedade.

2. MODALIDADES DE RECOÑECEMENTOS

Como novidade da IV Edición destes premios, ábreanse dúas modalidades de candidaturas:

- Modalidade A: auto-candidatura
- Modalidade B proposta de candidaturas “de Alumni a Alumni”

Independentemente da modalidade de candidatura, establécense cinco categorías de premios:

- Premio Alumni-UVigo Emprendemento
- Premio Alumni-UVigo Humanidades
- Premio Alumni-UVigo Impacto Social
- Premio Alumni-UVigo Investigación
- Premio Alumni-UVigo Traxectoria Profesional

3. REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

As persoas que participen en calquera das modalidades, ben presentando unha candidatura ou proponendo a algún candidato/a, deberán de estar rexistradas como membro da comunidade Alumni-Uvigo: <https://alumni.webs.uvigo.es/>.

Para optar o recoñecemento na categoría do premio Alumni-Uvigo Emprendemento, a persoa candidata ten que ser a fundadora dunha iniciativa empresarial, e esta non pode ter mais de cinco anos de vida dende a alta como autónomo ou da constitución da sociedade, entendéndose como esta a data de inscrición no Rexistro Mercantil, Rexistro de Cooperativas ou orde específica.



4. PREMIOS

As persoas premiadas recibirán un galardón e un diploma acreditativo, que simboliza o recoñecemento, por parte da Universidade de Vigo, e en particular da comunidade Alumni-UVigo, da achega realizada á sociedade. Estes recoñecementos non implican unha asignación económica.

5. PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS E DOCUMENTACIÓN

O prazo de presentación das auto-candidaturas ou as propostas de candidaturas finaliza o día **8 de xuño do 2025** ás 23.59 horas (hora peninsular española).

MODALIDADE A. AUTOCANDIDATURA

As persoas que presenten a súa candidatura deberán cubrir o formulario creado para este fin.

Acceso o formulario: https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/13705

Xunto cos seus datos persoais, os/as candidatas deberán indicar un enlace o seu perfil profesional ou presenza en redes sociais profesionais, así como un resumo de apoio á candidatura (máximo 100 palabras). Ademais, poderá adxuntar outra documentación que avale a candidatura (CV, cartas de apoio de terceiros, hemeroteca, etc.).

Non se tramitarán as solicitudes presentadas por outras vías. No caso de dúbida, dificultades técnicas ou de necesitar máis información durante o período de presentación das candidaturas, poderán dirixirse a: alumni@uvigo.gal.

O prazo de presentación das candidaturas finaliza o **martes 10 de xuño de 2025**, ás 23.59 horas (hora peninsular española).

MODALIDADE B: PROPOSTA DE CANDIDATURAS “DE ALUMNI A ALUMNI”

Para propoñer a algún antigo egresado/a como candidato/a para recibir un destes recoñecementos, o persoa que fai a proposta deberá cubrir este [formulario](#) cos datos da persoa que queira propoñer como candidato/a, indicando como mínimo o seu nome completo, perfil profesional ou presenza en rrss e un resumo de apoio á candidatura. Ademais, poderá adxuntar outra documentación que avale a candidatura (CV, hemeroteca, etc...).

Acceso o formulario: https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/13696

Unha vez recibidas as candidaturas, o equipo coordinador do programa ALUMNI-UVIGO, pertencente a Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade, poñerase en contacto con cada persoa nomeada para solicitar a documentación que avale a candidatura.



6. COMPOSICIÓN DO XURADO

O xurado estará composto por:

- O reitor da Universidade de Vigo, ou a persoa en quen delegue.
- O presidente do Consello Social, ou a persoa en quen delegue.
- O presidente da Confederación de Empresarios de Galicia, ou a persoa en quen delegue.

Do Xurado tamén formará parte un/a representante da Universidade de Vigo por cada unha das cinco categorías de premios:

- Emprendemento: vicerreitoría con competencias en emprendemento
- Humanidades: vicerreitoría con competencias en extensión universitaria
- Impacto Social: vicerreitoría con competencias en responsabilidade social
- Investigación: vicerreitoría con competencias en investigación
- Traxectoria Empresarial: vicerreitoría con competencias en emprego

7. SELECCIÓN DAS CANDIDATURAS FINALISTAS E PUBLICACIÓN

O Xurado seleccionará 3 finalistas para cada unha das 5 modalidades de premios, tendo en conta aquelas traxectorias que mais contribúisen ao desenvolvemento da súa profesión e o seu impacto económico, social ou ambiental a nivel local, rexional, nacional ou internacional. Os acordos do xurado son inapelables e poderá declarar deserto o premio xustificando os motivos desta decisión.

A listaxe de candidaturas finalistas publicarase no mes seguinte do peche da recepción de candidaturas na web de Alumni-UVigo <https://alumni.webs.uvigo.es/>.

A partir desta data abrírase un prazo de votación aberta entre todas as persoas usuarias da comunidade Alumni-UVigo (i.e., formalmente rexistradas e posuidoras da acreditación) para elixir de entre as tres persoas finalistas o gañador ou gañadora de cada modalidade.

Todas as persoas finalistas deberan enviar a organización (alumni@uvigo.es) un vídeo resumo dun máximo 1 minuto de duración presentando a súa candidatura antes do día **30 de xuño do 2025**.

8. ACTO DE ENTREGA DE PREMIOS

As persoas que resulten gañadoras de cada modalidade de premios daranse a coñecer nunha cerimonia pública que se prevé celebrarse o **xoves 10 de xullo do 2025** e a que se lle dará unha ampla difusión a través das redes sociais e dos medios de comunicación.

As candidaturas que resulten finalistas, comprométense a asistir ao acto de entrega de premios, ou, de non poder facelo, a gravar un vídeo ou propoñer a unha persoa que acuda ao acto no seu nome para pronunciar unhas verbas de agradecemento.



Xunto con estes premios, o día da cerimonia tamén daranse a coñecer os seguintes recoñecementos:

- **Premio Alumni-UVigo Distinguido/a:** destinado ao recoñecemento de egresados/as de programas de grao e posgrao da UVIGO que teñan acadado logros persoais e profesionais destacables na súa traxectoria e que contribúan de maneira significativa ao desenvolvemento e impacto no ámbito no que se desenvolven, en particular a nivel nacional ou internacional.
- **Premio Alumni-Uvigo honorífico:** destinado ao recoñecemento de antigo alumnado pola súa labor en posicionar a UVIGO como un referente nacional ou internacional.
- **Premio Amigo de Alumni-Uvigo:** destinado ao recoñecemento de a persoas alleas a UVIGO pero que contribuíran o bo desenvolvemento e posicioamento da UVIGO.

9. DATOS PERSOAIS E CONFIDENCIALIDADE

A UVigo, así como todas as persoas participantes no proceso, comprométense a garantir a confidencialidade da documentación achegada nas candidaturas e no proceso de avaliación.

A UVigo poderá utilizar os datos das persoas finalistas para labores de promoción e de difusión dos premios.

10. ACEPTACION DAS BASES

A participación nesta convocatoria implica, por parte das candidaturas, o coñecemento e a total aceptación destas bases.

Código seguro de Verificación : GEN-eda7-5f03-afc0-11d6-5aef-42d4-148e-9fe0 | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección :
<https://portafirmas.redsara.es/pt/valida>



CSV : GEN-eda7-5f03-afc0-11d6-5aef-42d4-148e-9fe0

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pt/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 29/05/2025 09:48 | NOTAS : F